



## A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a los ataques a los barcos de Global Sumud Flotilla con ayuda humanitaria para Gaza.**

El 31 de agosto partió del Puerto de Barcelona una flotilla con el objetivo de denunciar el genocidio de Israel contra el pueblo palestino, romper el bloqueo ilegal del Mar de Gaza y exigir la apertura de las fronteras para el paso urgente de ayuda humanitaria.

Los barcos que integran esta acción global, la denominada Global Sumud Flotilla, viajaron en dirección a Túnez para reunirse con otros barcos de ese país, así como de Italia y otros puertos.

En la madrugada del 9 de septiembre, un proyectil impactó en el barco Familiar (con bandera portuguesa) de la Flotilla que estaba fondeado en el puerto de Sidi Bou Said. También sobrevoló el barco un dron que dejó caer la carga y se fue.

La noche siguiente, a las 00:17 hora tunecina, otro proyectil impacta en el barco Alma (con bandera del Reino Unido), también anclado en el puerto de Sidi Bou Said. Asimismo, observan otro dron saliendo de la zona de ataque.

La munición utilizada por los drones es el mismo tipo de explosivos que los registrados contra ambulancias en la Franja de Gaza el 3 de septiembre pasado.

Asimismo, se comprobó la tipología de los vuelos sospechosos durante esos días, comprobándose que se trataba de aviones israelíes LOCKHEED Hercules C130 que despegaron de la base aérea de Nevatim, al sur de Israel el 2 de septiembre y aterrizaron en la base aérea de Sigonella en Sicilia para salir tres horas y media después de esta misma base y regresar a Nevatim. Cabe destacar que, entre las funciones de este tipo de naves, está la de transportar drones.

Movimientos similares se observan con un LOCKHEED MARTIN C-130 haciendo escala



en Malta y dos GULFSTREAM 5 (aviones de vigilancia e inteligencia) de la IAF israelí sobrevolando Malta y la costa de Túnez.

Personas expertas en la materia pertenecientes a la Flotilla concluyen que los cuatro vuelos coinciden con la navegación de los barcos de la Global Sumud Flotilla hacia Túnez y consideran que los ataques a barcos de la Flotilla se realizaron con medios operativos transportados por Israel a Malta y Sicilia.

Por lo tanto, los ataques comenzaron desde territorios de la UE, utilizando el espacio aéreo de Italia y Malta para llevar a cabo ataques terroristas contra barcos y civiles en una misión pacífica y para ayudar al pueblo palestino. Además, se violó el espacio aéreo tunecino, así como la soberanía territorial de Portugal y del Reino Unido, a través de barcos con bandera de estos países. Se trata de agresiones que no habrían sido posibles sin el conocimiento de Italia y Malta, además de contar con la colaboración del EAA en la base italiana.

Se trata pues de una nueva acción impune del Estado sionista, que continúa la masacre del pueblo palestino en Gaza y Cisjordania, ampliando la ocupación de los territorios palestinos, matando a más de 65 000 civiles, 20 000 niños y niñas en Gaza, además de provocar una gran hambruna. Todas estas acciones constituyen una flagrante violación de los tratados internacionales y del derecho internacional.

La sociedad gallega ha expresado reiteradamente su solidaridad con el pueblo palestino así como su rechazo a las agresiones de Israel, exigiendo el fin del genocidio y de las medidas de fuerza contra el Estado sionista, el embargo total de armas y la ruptura de todas las relaciones. Deben adoptarse todas las medidas posibles para acabar con el terror impuesto por Israel y su impunidad, y para ello es necesario acabar con la pasividad de la UE y de la comunidad internacional e iniciar acciones firmes y contundentes contra un Estado genocida.

**Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Tiene conocimiento el Gobierno español, como socio de la OTAN, de las operaciones llevadas a cabo por Israel en la base militar de Sigonella (base de operaciones conjunta Italia-EE.UU.-OTAN), así como de las operaciones militares en Malta dirigidas a atacar a barcos civiles pacíficos que transportan ayuda humanitaria a



- Gaza y que forman parte de la Flotilla Global Sumud?
2. ¿Se ha dirigido el Gobierno del Estado español a Israel para pedir explicaciones y exigir responsabilidades por estas acciones contrarias al Derecho Internacional?
  3. ¿Ha establecido contactos con los países socios de la UE de donde se originaron los ataques contra la Global Sumud Flotilla como facilitadores de estos?
  4. ¿El Ministerio de Asuntos Exteriores ha mantenido contacto con los ciudadanos y/o buques de nacionalidad española que forman parte de la Flotilla?
  5. ¿Se interesó por la situación tras conocerse el ataque israelí a los barcos que formaban parte de esta flota con ayuda internacional?
  6. ¿Realizó alguna nueva gestión tras conocerse el segundo ataque a los barcos de la Flotilla?
  7. ¿De ser así, cuáles? ¿Tiene previstas nuevas acciones?
  8. ¿Cuándo aprobará el Consejo de Ministros el paquete de medidas pendientes para garantizar el embargo total a Israel?

Madrid, a 16 de septiembre de 2025

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

16 SEP. 2025 15:35:23

Entrada **79952**

## Sobre os ataques á Global Sumud Flotilla con axuda humanitaria para Gaza

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos ataques aos barcos da Global Sumud Flotilla con axuda humanitaria para Gaza.**

O 31 de agosto partiu do Porto de Barcelona unha flotilla co obxectivo de denunciar o xenocidio de Israel sobre o pobo palestino, romper o bloqueo ilegal do Mar de Gaza e exixir a apertura das fronteiras para o paso urxente da axuda humanitaria.

Os barcos que compoñen esta acción global, a chamada Global Sumud Flotilla, viaxaron en dirección a Tunisia para reunirse cos outros barcos procedentes dese país, así como de Italia e outros portos.

Na madrugada do 9 de setembro un proxectil impactou no barco Family (con bandeira de Portugal) da Flotilla que estaba fondeado no porto de Sidi Bou Said. Tamén sobrevoou o barco un drone que posteriormente lanza a carga e marcha.

Na noite seguinte, ás 00:17h hora de Tunisia outro proxectil impacta no barco Alma (con bandeira do Reino Unido), tamén fondeado no porto de Sidi Bou Said. Igualmente, observan outro drone saíndo da zona do ataque.

A munición utilizada polos drones é o mesmo tipo de explosivos que os que ficaron rexistrados contras as ambulancias da Faixa de Gaza o 3 de setembro pasado.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

16 SEP. 2025 15:35:23

Entrada **79952**



Así mesmo, comprobouse a tipoloxía de voos sospeitosos durante eses días, comprobándose que se trata de aeronaves israelís LOCKHEED Hércules C130 que despega da base aérea de Nevatim, no sur de Israel o 2 de setembro e aterriza na base aérea de Sigonella en Sicilia para saír tres horas e media despois desta mesma base e volver a Nevatim. Cabe destacar que, entre as funcións deste tipo de naves, encóntrase a de transportar drones.

Movimentos semellantes obsérvanse cun LOCKHEED MARTIN C-130 que fai a escala en Malta e dous GULFSTREAM 5 (avión de vixilancia e de intelixencia) das IAF israelís que sobrevoan Malta e a costa de Tunisia.

Persoas expertas na materia pertencentes á Flotilla, conclúen que os catros voos coinciden coa navegación dos barcos da Global Sumud Flotilla en dirección a Tunisia e consideran que os ataques a barcos da Flotilla foron realizados con medios operativos transportados por Israel a Malta e a Sicilia.

Por tanto, os ataques partiron de territorios da UE, usando espazos aéreos de Italia e Malta para realizar ataques terroristas contra barcos e civís nunha misión pacífica e de axuda ao pobo palestino. Ademais, foi violado o espazo aéreo tunesino ademais da soberanía territorial de Portugal e Reino Unido a través dos buques abandeirados nestes países. Trátase dunhas agresións que non terían sido posibles sen o coñecemento de Italia e Malta, ademais de contar coa colaboración dos EAA na base italiana.

É pois, unha nova acción impune por parte do Estado sionista, que continúa coa masacre do pobo palestino en Gaza e Cisjordania, ampliando a ocupación dos territorios palestinos, matando a máis de 65.000 civís, 20.000 nenos e nenas en Gaza, ademais de causar unha grande fame. Todas estas accións en flagrante vulneración dos tratados internacionais e dereito internacional.

A sociedade galega ten manifestado de forma reiterada a súa solidariedade co pobo palestino así como a súa repulsa ás agresións por parte de Israel, exixindo o fin do xenocidio e medidas contundentes contra o Estado sionista, o embargo total de armas e a ruptura de toda relación. Deben adoptarse todas as medidas



posíbeis para pór fin ao terror imposto por Israel e á súa impunidade, e para iso é preciso rematar coa pasividade da UE e da Comunidade Internacional e iniciar xa accións firmes e contundentes contra un Estado xenocida.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:**

1. Ten coñecemento o Goberno español, como socio da OTAN, das operacións realizadas por Israel na Base Militar de Sigonella (base de operación conxunta Italia-EE.UU-OTAN), así como das operacións militares en Malta dirixidas a atacar os barcos civís pacíficos e con axuda humanitaria para Gaza que forman parte da Global Sumud Flotilla?
2. Dirixiuse o Goberno do Estado español a Israel para pedir explicacións e exixir responsabilidades por esas accións contrarias ao Dereito Internacional?
3. Realizou contactos cos países socios da UE dos que partiron os ataques contra a Global Sumud Flotilla como facilitadores destes?
4. Mantivo contacto o Ministerio de Asuntos Exteriores cos cidadáns e/ou barcos de nacionalidade española que forman parte da Flotilla?
5. Interesouse polo seu estado despois de coñecerse o ataque israelí contra buques que formaban parte desta flota con axuda internacional?
6. Realizou algunha nova xestión despois de coñecerse o segundo ataque aos barcos da Flotilla?
7. De ser así, cales? Ten previstas novas accións?



8. Cando aprobará o Consello de Ministros o paquete de medidas pendentes para asegurar o embargo total a Israel?

Madrid, a 16 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**